



Boletín Informativo do Concello



Nº: 52 NOVEMBRO 2011

Avisos.

***Infórmase aos veciños que por acordo Plenario na sesión celebrada o 12 de setembro de 2011 aprobouse a modificación da Base 51 do Presuposto Municipal para este ano.**

Nesta modificación contéplase conceder a cada comisión de festas unha subvención nominativa de 200 €.

Asemade contéplanse 1.000€ para fomento das actividades deportivas e culturais, previo informe dos servizos culturais. Estas últimas poderán ser solicitadas polas Asociacións que estean dadas de alta no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Boimorto

***Clases de Baile de Salón no Polideportivo Municipal.**

As clases darán comezo o 5 de Novembro. A actividade realizarase unha vez a semana en horario de 22:00h. a 24:00h.

O prezo das clases será de 20€ por persoa ao mes e aboarase no momento do comezo do curso. Cantas máis parellas haxa máis baixo será o prezo. Inscripcións no Concello.

Organiza Asociación de Rodieiros, colabora o Concello de Boimorto.

Deportes.

***HORARIOS XIMNASIA POLAS PARROQUIAS:** Corneda os luns e mércores de 19:00 a 19:55; Os Ánxeles

os luns e mércores de 20:00 a 20:55; Boimorto os luns e mércores de 21:00 a 22:00; Arceo os martes e xoves de 18:45 a 19:45; Rodieiros os martes e xoves de 20:00 a 21:00.

***HORARIO ESCOLAS DEPORTIVAS**

Fútbol Sala: categorías benxamín e alveín adestran os luns de 15:45 a 17:15 e xoves de 15:45 a 17:00. Os infantís e categoría feminina adestran os martes de 17:00 a 18:30 e xoves de 17:00 a 18:00.

Patinaxe: os martes de 15:45 a 16:45.

Bádminton: os venres de 15:45 a 17:00.

Tiro con arco os venres de 19:00 a 21:00 e adestramento individual, para os que teñen o seu arco, os mércores de 18:00 a 20:00.

Cultura.

***Cine (3ª fin de semana de cada mes Casa da Cultura):**

- Venres 18 cine para adultos ás 21:30

- Domingo 20 cine para nenos ás 17:00

***Horario acceso libre da aula de informática (provisional):** luns e xoves de 11:00 a 13:00 horas e xoves de 16:30 a 18:30.

***Magosto:** venres 11 de novembro na Telleira de Baiuca (Boimil), o Concello convidámosvos a un magosto; non faltarán castañas, empanadas, doces e troula. Comezará ás 20:00 horas, será

gratuíto - agradecemos anotarse no Concello, antes do día 10, para facer unha previsión e así que haxa castañas para todos.

*Excursión: día 19 de novembro realizaremos unha excursión para visitar o santuario do Bom Jesús (Portugal), inclúese almorzo, xantar e transporte e o prezo desta actividade será de 30 €. Os interesados anotarse no Concello ata o día 11 de novembro (mínimo 50 persoas). Se o tempo non o permite cambiarase a excursión para outra fin de semana. Sairase do Campo do Rosario ás 7:00.

*Cea de Nadal: venres 16 de decembro, gran cea-baile de Nadal para todos os veciños/as. Este ano no Concello pensamos en celebrar unha xuntanza popular para celebrar estas datas tan importantes para todos, haberá cea que estará amenizada por un dúo musical e sortearemos unha cesta de Nadal. Data límite para apuntarse 12 de decembro na Casa do Concello ou 981516020. Custe 20 €.

*Feira: na feira do mes de decembro (3 de decembro) contaremos cunha feira de mobles de 2ª man onde poderanse mercar mobles a un prezo moi baixo

*VIII Certame de Cantares de Reis, animamos aos veciños/as a formar cuadrillas e que animen a xente a que preparen un cantar de cara a participar neste Certame. O certame terá lugar o sábado 7 de xaneiro de 2012 pola tarde, no polideportivo municipal. Pola mañá haberá actuacións das cuadrillas por diferentes puntos do Concello e dos concellos limítrofes. Para as cuadrillas do certame ofrecerase un xantar de confraternización.

Contos da Gándara

(LEMBRANZAS DOS NÓSOS MAIORES
E OUTRAS LERIAS)

**"Sol en agosto, moito magosto,
en setembro, quere beber,
senón pouco magosto imos ter".**

Andrea e Jesús contáronme moitas cousas sobre o magosto, pero por falta de espazo vouvos a contar un conto que penso que vos vai facer rir. Aí vai.....

Érase un mozo que se quería casar e non tiña calzóns. A súa nai díxolle "hai que mercar a tela e que veña a costureira e que chos faga" pero compraron tanta tela que lles sobrou moitísimo.

Antes do día do casamento invitouno a moza ó magosto e díxolle o mozo á súa nai: "mamá vou levar o calzón" e a nai respondeulle, "non, que o manchas. Despois ven o día da voda e telo manchado". O fillo respondeulle: "Non mamá, non, non o hei manchar".

No camiño foi facer as súas necesidades, quitouno, colgouno na silveira e esqueceuse de volver a poñelo. Chegou á casa da moza e díxolle "hoxe traio unha cousa de estrea" "non cha ensino ata o día da voda", pero como as mulleres somos tan insistentes tivo que llo ensinar e abriu a sacristía pensando que tiña o calzón posto e preguntoulle á moza ¿gústache?. A moza respondeulle, "bueno, moi bonito non é pero gusta, gusta" o que el respondeulle "pois aínda me quedan 25 metros máis na casa".

**"O ourizo no castiñeiro,
quixo rir e regañou.
Caeron as castañas no chan,
e eso foi o que gañou".**

Colaboraron:

Andrea Taboada e Jesús Taboada Rial.